

# 18-OUTUBRO: MOVILIZÁMONOS EN ALACANTE

Ante o abandono das necesidades das empregadas e empregados, é o momento de que a empresa por fin nos escoite:

Tal e como adiantamos en anteriores circulares, a maioría dos sindicatos con representación no Banco Sabadell, asumimos a nosa responsabilidade e seguimos unidos na procura de solucións construtivas que alivien a situación que padece o persoal laboral e por iso nos manifestamos:

## 18 OUTUBRO ÁS 17:30h

### DIANTE DA SEDE SOCIAL DO BANCO SABADELL (ALACANTE)

É preciso que a empresa recoñeza que a situación actual é inasumible. A destrución de máis de 4.000 postos de traballo (Plan de Saídas Voluntarias + ERE) provocou o deterioro do clima laboral, con cargas de traballo inasumibles.

Hai que resolver os puntos que puxemos sobre a mesa e que a empresa non quixo abordar.

Esiximos, e estamos decididos a conseguir, unha relación empresa-representantes dos traballadores (RLT) de negociación entre iguais. **Comprometémonos á negociación de acordos non traumáticos.**

Levamos moito camiño percorrido dende maio cando formalizamos a **UNIDADE DE ACCIÓN SINDICAL**, pero a empresa atopase máis cómoda no modelo de relación da RLT de submisión á súa vontade e ritmo. E por iso segue afianzada na súa posición.

**O verdadeiramente lamentable é que haxa organizacións sindicais que estean de acordo con esta forma de relación na que ceden dereitos do persoal laboral... ¿a cambio de que?**

Mantemos a man tendida á empresa para afrontar as accións precisas para mellorar (e deixar de empeorar) as condicións laborais dende a negociación de ti a ti. Non deixaremos de mobilizarnos ata conseguilo.

Comezamos as accións con esta manifestación, pero viran outras nas que todo o plantel estará chamado a participar. Porque os problemas laborais da túa compañeira ou compañeiro **HOXE**, son o teus propios de **MAÑÁ**.

A clave de esta iniciativa, ó igual que en todos os conflitos laborais, reside na capacidade de compromiso do persoal laboral. Estamos en condicións de facer historia. A vosa participación é decisiva, porque xuntos somos máis fortes.

## NON CAMIÑAREMOS SÓ!

- **POR UNS SALARIOS DIGNOS.**
- **POR UNHAS CARGAS DE TRABALLO AXEITADAS.**
- **POR UNHA CARREIRA PROFESIONAL DEFINIDA.**
- **POLA FIN DA PRESIÓN DESORBITADA.**
- **POR UN ACORDO DE TELETRABALLO.**
- **POR UNHAS FERRAMENTAS ADAPTADAS Á DIXITALIZACIÓN.**